

NOME COMERCIAL E NOME CIENTÍFICO DAS ESPECIES DE PEIXE E MARISCO



NOME COMERCIAL

É o nome oficial dos peixes e mariscos en Europa que debe aparecer na súa etiqueta. No caso de España, este nome pode ter variantes aceptadas nas distintas comunidades autónomas.



PROBLEMA

Dependendo do lugar, do porto pesqueiro ao que chegue o peixe, ou do idioma que se fale, os individuos dunha mesma especie poden chamarse coloquialmente dun xeito ou doutro, e iso pode levar á confusión. Por exemplo:

Xarda, Cabala, Rincha...

SOLUCIÓN

NOME CIENTÍFICO

É un nome único para tódolos individuos dunha mesma especie, independentemente do lugar no que esteamos. Está composto por dúas palabras en latín: a primeira palabra escríbese ca primeira letra en maiúscula, e indica o xénero (un grupo compartido por varias especies), e a segunda palabra, que se escribe con minúscula, refírese á especie concreta.

O nome científico debe escribirse en cursiva ou suliñado por separado.


Octopus vulgaris

XÉNERO

ESPECIE

NOME CIENTÍFICO

O artífice deste sistema de nomenclatura foi o científico sueco Carl Von Linné, no século XVIII.




Jurel

Coas súas variantes "xurelo" (en Galicia), "chicharro" (en Galicia, Canarias ou Cantabria) ou "sorell" (en Cataluña ou Valencia).

Trachurus trachurus

Igual en calquera parte do mundo.




Faneca

Coas súas variantes "fañeca" (en Asturias) ou "Mollera fosca" (nas Illas Baleares, Cataluña ou Valencia).

Trisopterus luscus

Igual en calquera parte do mundo.



Pulpo

Coas súas variantes "polbo" (en Galicia), "pop ou polb" (nas Illas Baleares) ou "olagarro" (no País Vasco).

Octopus vulgaris

Igual en calquera parte do mundo.



SABÍAS QUE...

NOME COMERCIAL

Os nomes comerciais oficiais aparecen recollidos nunha listaxe que cada país europeo publica regularmente.

NOME COMERCIAL

NOME CIENTÍFICO

EMPRESA S.L

Lonxa de Altura, 32
VIGO

Nome comercial

RODABALLO

Nome científico

Scophthalmus maximus

Destinatario



56825426565855435

Método de produción

Capturado

Zona de captura

ATLÁNTICO NOROESTE
FAO27 SUBZONA IX a

Arte de pesca

Redes de arrastre

Tipo e País de Orixe

ESP - ESPAÑA

Expedidor 1º ES1208039PO

Lonxa de Vigo
Porto de Vigo - VIGO

FRESCO

Peso Neto

1.00 kg

Presentación

Enteiro

Código FAO

TUR

Lote

2080918

Entregado

24/09/18

Data de caducidade

29/09/18

ES 120434PO CE Conservar entre 0º-5ºC